



RESOLUCIÓN

ASUNTO: DESISTIMIENTO DO PROCEDEMENTO Nº 2020/A002/000002: XXIX CONCURSO DE ACHEGAMENTO Ó LIBRO E NA PROCURA DO NOSO XVI MARCA-PÁXINAS.

EXPEDIENTE DECRETO: 2020/G003/000240

Resultando que por Resolución da Alcaldía Nº 66/2020 de data 6 de febreiro resolveuse aprobar as bases do XXIX Concurso achegamento ao libro e Na procura do noso XVI marca-páxinas, que organiza a biblioteca pública municipal Francisco Mayán.

Considerando que ditas bases reguladoras foron obxecto de publicación no BOP da Provincia da Coruña o mércores, 12 de febreiro de 2020, Nº 29 ao igual que no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do concello.

Visto que durante o prazo de admisión de obras que comezou o 12 de febreiro do 2020 e remata o 1 de abril de 2020, non consta no Rexistro Xeral do Concello de Cee traballo presentado algún.

Resultando que os destinatarios de ditos concursos son os alumnos de Educación Primaria e que a participación destes é dificultosa e ardua co cumprimento das bases dos diferentes Concursos, como consecuencia da situación de emerxencia sanitaria pola evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, xa que os centros escolares víronse na obriga de pechar as súas instalacións, sen saber con certeza cando volveran a abrir, constatándose ademais que nas edicións anteriores ao longo das últimas convocatorias, máis do 99% da participación era conforme a entregada polos profesores dos distintos centros de ensino da Comarca en sobre pechado no Rexistro Xeral do Concello.

Visto que o artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula que nos procedementos iniciados de oficio, **a Administración poderá desistir, motivadamente**, nos supostos e cos requisitos previstos nas Leis.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento nº 2020/A002/000002: XXIX Concurso de Achegamento ó libro e na Procura do noso XVI Marca-páxinas, motivando dito desistimento polas causas que figuran na Parte Expositiva, tal e como esixe o artigo 93 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.-A contía dos premios, con cargo á partida 330/481.00, correspondente ao orzamento do Concello para o ano 2020, consecuencia do desistimiento do procedemento, destinarase á finalidade da referida partida: premios, becas e pensións de estudos.

TERCEIRO.- Proceder a publicación da presente Resolución nos mesmos medios de difusión que se procedeu para a súa aprobación, para xeral coñecemento.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, martes 31 de marzo de 2020

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2020/G003/000240

FIRMADO POR Margarita Lamela Louzán (FECHA: 01/04/2020 12:03:00)

Decreto Nº: 222/2020 - Fecha de decreto: 01/04/2020

versión imprimible

CVD: DFmao2HgboSnViazFRY4

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)